

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

ORDE do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a formación apoiada por titores en diversos centros bibliotecarios (código de procedemento CT233A).

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, de acordo co que establece o Estatuto de autonomía de Galicia nos artigos 32 e 27.18, exerce a competencia exclusiva en materia de bibliotecas que non sexan de titularidade estatal, así recollida no artigo 7 do Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, desenvolvida a través da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

Consonte esta responsabilidade, a Consellería é consciente de que un dos elementos fundamentais no funcionamento das bibliotecas é unha cualificación e formación técnica do seu persoal. Por iso, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, vén realizando cursos de formación da instrución tanto básica como de perfeccionamento dos futuros bibliotecarios da Rede de bibliotecas de Galicia. Esta formación, esencialmente teórica, non quedaría rematada se non se complementa coa realización de prácticas en bibliotecas que permitan non só a formación nas diversas áreas de traballo e servizos destes centros, senón tamén co contacto diario e directo dos/das bolseiros/as, durante un tempo suficiente, cos problemas e demandas reais dunha biblioteca, debidamente guiados por persoas con coñecementos e experiencia suficientes, como medio de promoción profesional.

Por esta razón, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, realiza un plan de preparación de profesionais para a Rede de bibliotecas de Galicia, a través de bolsas de formación en biblioteconomía mediante a formación apoiada por titores en diversos centros dependentes desta.

Este expediente tramitarase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2020. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre de expedientes de gasto, modificada polas ordes



da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Por medio desta orde establécense as bases reguladoras e convócanse bolsas de formación en biblioteconomía, con acompañamento de titor, para o tratamento técnico dos fondos, así como calquera outra actividade que permita a súa formación e o coñecemento dos diversos servizos bibliotecarios.

2. As bolsas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia, e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia (código de procedemento CT233A).

3. Os bolseiros recibirán a súa formación nas seguintes bibliotecas públicas: Biblioteca de Galicia, Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, Biblioteca Pública de Lugo, Biblioteca Pública de Ourense, Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel e Biblioteca Pública Municipal de Ferrol (Central).

Serán coordinados e dirixidos pola Dirección Xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo, a través do persoal técnico debidamente cualificado e designado para tal efecto por aquela.

4. A formación comprenderá unha parte teórica e outra práctica que será impartida por persoal técnico bibliotecario.

Artigo 2. *Número, duración e importe das bolsas*

1. O número total de prazas convocadas será de trinta e tres (33) que se adxudicarán mediante a aplicación do baremo indicado no artigo 10 desta convocatoria.



2. As bolsas terán unha duración máxima total de sete meses, contados desde a data de incorporación que estableza a Dirección Xeral de Políticas Culturais, e poderán ser prorrogadas dependendo do informe favorable do titor responsable e da existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

3. O número de horas diarias de formación será de 7.

4. Financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432.A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, por un importe total de douscentos catorce mil oitocentos trinta euros (214.830,00 €).

5. En cumprimento do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, destinaranse 11.182,71 €, en concepto de cotizacións á Seguridade Social por parte da Consellería de Cultura e Turismo por continxencias comúns e profesionais, con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432A.484.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

6. O importe individualizado de cada bolsa será de 930,00 € brutos mensuais.

7. A Consellería de Cultura e Turismo, no caso de que as bolsas concedidas non cubran a totalidade do crédito asignado, pode realizar unha nova convocatoria pública nos meses ou en diferentes termos desta.

Artigo 3. *Requisitos das beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias as persoas solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

– Titulación universitaria de licenciatura ou diplomatura en Biblioteconomía ou Documentación; grao en Información e Documentación; licenciatura ou grao en Historia ou Xeografía e Historia, Filoloxía ou Lingua e Literatura, Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e Humanidades.

– Non percibir outra bolsa ou contrato remunerado durante o período de duración das reguladas por medio desta orde.



– Non se ter beneficiado anteriormente destas mesmas bolsas durante un período superior aos seis (6) meses, nin renunciar a elas sen unha causa de forza maior, ao xuízo da Dirección Xeral de Políticas Culturais, logo de iniciado o período de vixencia.

– Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

– Ter cumprido o establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

– Non poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas que se encontren nalgún dos supostos previstos no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberán achegar, para estes efectos, unha declaración responsable de que non concorre ningunha das circunstancias previstas no referido artigo.

A concesión da bolsa será incompatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, de acordo co disposto no artigo 14.1.p) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Obrigas dos bolseiros*

Ás persoas seleccionadas, logo de aceptaren as bolsas, seralles de aplicación o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e así mesmo quedarán obrigadas a:

– Incorporarse aos centros aos cales sexan destinadas, na data sinalada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais.

– Asistir aos centros onde resulten destinadas, de acordo coas directrices determinadas que fixen os responsables da execución do programa de formación teórica e práctica.

– Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



– Cumprir o compromiso de formación durante todo o período para o cal se lles concedeu a bolsa.

– Os beneficiarios deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 5. *Presentación das solicitudes e prazo*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

As persoas potencialmente beneficiarias das axudas reguladas nesta orde pertencen a colectivos de persoas físicas cuxa formación e capacidade técnica permiten concluír que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios para se relacionaren por este medio co sector público autonómico.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirá-selle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes presentaranse no formulario normalizado anexo I. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes. En todo caso, sempre estarán excluídos do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

3. As persoas solicitantes deberán indicar no citado formulario normalizado anexo I, no recadro habilitado para o efecto, a listaxe completa de destinos convocados en que se desenvolverá o período de formación, ordenados segundo a súa preferencia.



Non indicar por orde de preferencia a totalidade dos destinos nos cales se desenvolverá a formación suporá que a Dirección Xeral de Políticas Culturais lles adxudicará unha das prazas dos destinos convocados e non solicitados por outros beneficiarios da bolsa.

Artigo 6. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

– Copia da certificación académica oficial completa, na cal deberá constar a nota media do expediente académico da titulación.

– Copia dos documentos que acrediten os méritos alegados.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



4. No caso de que algún dos documentos que cómpre presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- c) Estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
- d) Estar ao día no pagamento das débedas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 8. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitíralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitu-



de. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Instrución, avaliación e criterios de valoración*

1. A instrución do procedemento de concesión das bolsas levaraa a cabo a Dirección Xeral de Políticas Culturais.

O órgano competente para a instrución realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. As solicitudes serán analizadas e valoradas por unha comisión presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, da cal serán vogais a persoa titular do Servizo do Sistema de Bibliotecas e o/a director/a dunha das bibliotecas de xestión autonómica da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a ou laboral da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro.



3. Esta comisión avaliará consonte os seguinte criterios:

3.1. Titulación académica.

– Licenciatura en Biblioteconomía e Documentación: 8 puntos.

– Diplomatura en Biblioteconomía: 6 puntos.

– Grao en Información e Documentación (e similares): 8 puntos.

3.2. Expediente académico.

Nota media do título universitario con que concorre á bolsa.

3.3. Formación complementaria.

– Máster, curso de experto ou especialización universitaria, curso de posgrao e diploma de estudos avanzados, en materia de biblioteconomía, organizados por organismos públicos, universidades e cun mínimo de 200 horas: 2,50 puntos.

– Cursos de biblioteconomía, bibliografía, documentación, historia do libro e novas tecnoloxías aplicadas a bibliotecas, organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais de bibliotecarios ou documentalistas: valoraranse ata un máximo de 5,75 puntos.

a) Con acreditación expresa de duración igual ou superior a 200 horas: 1 punto por curso, ata un máximo de 2 puntos.

b) Con acreditación expresa de duración igual ou superior a 100 horas: 0,75 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 puntos.

c) Con acreditación expresa de duración igual ou superior a 40 horas: 0,50 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 puntos.

d) Con acreditación expresa de duración inferior a 40 horas: 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 0,75 puntos.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.



– Cursos de biblioteconomía, bibliografía, documentación, historia do libro e novas tecnoloxías aplicadas ás bibliotecas, impartidos por outros organismos: valoraranse ata un máximo de 0,75 puntos.

a) Con acreditación expresa de duración igual ou superior a 200 horas: 0,15 puntos por curso, ata un máximo de 0,30 puntos.

b) Con acreditación expresa de duración igual ou superior a 100 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 0,20 puntos.

c) Con acreditación expresa de duración igual ou superior a 40 horas: 0,05 puntos por curso, ata un máximo de 0,15 puntos.

d) Con acreditación expresa de duración inferior a 40 horas: 0,02 puntos por curso, ata un máximo de 0,10 puntos.

– Impartición de cursos de biblioteconomía, bibliografía, documentación, historia do libro e novas tecnoloxías aplicadas ás bibliotecas, ata 1,50 puntos, en función das horas impartidas:

a) Con acreditación expresa de duración igual ou superior a 40 horas: 0,75 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 puntos.

b) Con acreditación expresa de duración inferior a 40 horas: 0,50 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 puntos.

– Asistencia a congresos de biblioteconomía, bibliografía, documentación, historia do libro e novas tecnoloxías aplicadas ás bibliotecas: 0,10 puntos por congreso, ata un máximo de 0,70 puntos.

– Presentación de comunicacións en congresos de biblioteconomía, bibliografía, documentación, historia do libro e novas tecnoloxías aplicadas ás bibliotecas: 0,25 puntos por comunicación, ata un máximo de 1,25 puntos.

– Publicacións relacionadas con biblioteconomía, bibliografía, documentación, historia do libro e novas tecnoloxías aplicadas ás bibliotecas: 0,25 puntos por publicación, ata o máximo de 1,5 puntos. O mesmo mérito valorarase unha soa vez: como comunicación, publicación ou asistencia a congresos.



– Cursos de galego: só se valorará o curso máis alto que se acredite ata o máximo de 3,5 puntos.

Celga 3 ou equivalente: 2,5 puntos.

Celga 4 ou equivalente: 3,5 puntos.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se fará pública, para os efectos de notificación aos interesados, mediante notificación individualizada a través de [notifica.gal](http://rbgalicia.xunta.gal), no portal da Rede de bibliotecas públicas de Galicia (<http://rbgalicia.xunta.gal>), e na páxina web oficial da Dirección Xeral de Políticas Culturais. Concederáse un prazo de dez (10) días para presentar alegacións. Examinadas as alegacións aducidas, de ser o caso, polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou solicitantes para os cales se propón a concesión da bolsa, especificando a puntuación total obtida na valoración dos méritos e o centro de destino onde desenvolverá o seu período de formación segundo a orde de preferencia de destinos indicada na súa solicitude ou a adxudicada polo órgano xestor no caso de non especificar destino na solicitude.

Artigo 11. *Resolución*

1. A resolución da convocatoria correspóndelle ao conselleiro de Cultura e Turismo e ditarase no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución. Publicarase no DOG e, así mesmo, farase pública no portal da Rede de bibliotecas públicas de Galicia (<http://rbgalicia.xunta.gal>) e na páxina web oficial da Dirección Xeral de Políticas Culturais. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos. En todo caso, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá superar os cinco meses.

A resolución deberá expresar a relación de solicitantes aos cales se lles conceden as bolsas convocadas; poderanse designar, ademais, os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, que serán notificados como adxudicatarios de forma sucesiva cando non se puidese formalizar a aceptación da bolsa ou se produza unha renuncia. No caso de non aceptar a adxudicación da praza vacante, entenderase que renuncia ao desfrute da bolsa.

2. No suposto de que non se ditase ningunha resolución expresa dentro do prazo previsto para resolver, o sentido do silencio será negativo.



3. Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación, contados desde o día seguinte ao da data de publicación da resolución no DOG. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

De non se incorporaren no prazo que se determine para tal efecto na resolución da concesión sen causa suficiente, ou de demostrarse falsidade ou non correspondencia cos orixinais ou incorrección na documentación presentada, o director xeral de Políticas Culturais poderá propoñer o seguinte ou seguintes candidatos, por orde de puntuación, e quedará sen efecto o nomeamento das persoas que se encontren nalgunha destas situacións.

4. Unha vez outorgadas as bolsas, a Dirección Xeral de Políticas Culturais poderá solicitarlles aos seleccionados que exhiban o documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada dos méritos alegados, que deberán presentar nun prazo non superior aos dez (10) días.

5. De acordo co artigo 14.m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

6. Incluiranse nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 16/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, segundo autorización do solicitante que figure na convocatoria correspondente.

7. A resolución de adjudicación pon fin á vía administrativa de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir da data da súa notificación aos interesados, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a data de notificación.

8. Unha vez rematado o período de percepción da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación presentada.



Artigo 12. *Pagamento das bolsas*

1. O pagamento da bolsa axustarase á normativa orzamentaria de aplicación e reparti-rase en sete (7) mensualidades, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, logo da certificación da Dirección Xeral de Políticas Culturais de que a persoa beneficiaria realizou, de conformidade, as actividades formativas que son obxecto da bolsa.

2. Ás persoas beneficiarias das bolsas poderáselles requirir a documentación necesaria para proceder ao seu pagamento.

3. Así mesmo, os beneficiarios das bolsas están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 13. *Suspensión, renuncias, revogación e reintegro das cantidades*

1. A Dirección Xeral de Políticas Culturais poderá autorizar a interrupción temporal do desfrute da bolsa sempre que esta estea motivada por descanso por maternidade e/ou paternidade, debidamente acreditada. O período interrompido poderase incrementar á data prevista de finalización da bolsa sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

2. A renuncia á bolsa por parte do beneficiario, unha vez iniciado o desfrute desta, deberá ser comunicada polo menos con sete (7) días de antelación á data establecida para a súa renuncia. Esta dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non realizada. A Dirección Xeral de Políticas Culturais procederá ao chamamento de suplentes para cubriren estas prazas.

2. O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa os bolseiros poderá propoñerlle á Dirección Xeral de Políticas Culturais a revogación da bolsa por falta de aproveitamento ou incumprimento das condicións sinaladas.

3. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 14. Réxime xurídico

1. A inclusión dos bolseiros no réxime da Seguridade Social rexeráse polo disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

2. En todo o non previsto nesta orde observarase o sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 15. Carácter das bolsas

As persoas adxudicatarias adquiren exclusivamente a condición de bolseiras, coas obrigas e os dereitos desta, conforme estas bases, sen ningún outro vínculo laboral ou administrativo coa Administración autonómica.

Artigo 16. Transparencia e bo goberno

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura e Turismo, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición derradeira primeira

Autorízase o director xeral de Políticas Culturais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.



Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA	CT233A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

ORDE DE PREFERENCIA DOS CENTROS DE DESTINO

Deberán indicar TODOS os centros de destino posibles, ordenados de acordo coa orde de preferencia da persoa solicitante.

ORDE PREFERENCIA	CENTRO DE DESTINO
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas, prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que non ten emprego remunerado nin goza doutra bolsa ou axuda, calquera que sexa esta, ou, no caso de o ter, que se compromete expresamente a renunciar con anterioridade ao momento de incorporación ao centro ao cal sexa destinada.
- Non se ter beneficiado anteriormente destas mesmas bolsas durante un período superior aos seis (6) meses, nin renunciar a elas sen unha causa de forza maior, ao xuízo da Dirección Xeral de Políticas Culturais, logo de iniciado o período de vixencia.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 CULTURA E TURISMO

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia da certificación académica do expediente na cal se faga constar a nota media do título universitario co cal concorre á bolsa			
<input type="checkbox"/> Copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a formación apoiada por titores en diversos centros bibliotecarios (código de procedemento CT233A).


SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



Dirección Xeral de Políticas Culturais


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>